

DON MOUCHO

Especial letras galegas 2009



SUMARIO	PAX.
PORTADA	1
DESPEDIDA DE 6º	2
ASTRONOMÍA 2009	3
O PROXECTO DAS SOMBRAS (infantil)	4-5
AS NOSAS SOMBRAS (1º)	6-7
A MEDIDA DO RAIÓ DA TERRA (infantil)	8-10
COPLAS DO ENTROIDO 2009. (5º)	11-12
COPLAS DO ENTROIDO 2009. (6º)	13-23
CONTOS DE RATOS (2º)	24-29
VERMES, VERMIÑOS (LUIS, 3 anos)	30-32
ENTREVISTA A ISMAEL FALCÓN	33-34
A RAG INFORMA	35
O NENO PINEIRO	36-37
LIÑA DO TEMPO (6º)	38-39
HOMENAJE	40
NAUTILUS DINAMIZA	41-42
COUSAS QUE FAN OS DE 2º	43-44
ANIMACIÓN: OS SOÑOS DA TETEIRA (1º)	45-46
ANIMACIÓN: OS ANIMAIS (4º, 5º, 6º)	47-48
EDUCACIÓN VIAL NO CASTRO (6º)	49
LIO EN LA GRANJA (1º)	50-51
HANSEL AND GRETEL (3º) (1º) (4-5 a)	52-59
DAILY NEWS (5º e 6º)	60-62
VIAXAMOS EN TREN (2º) (1º)	64-67
IMOS Ó ZOO (infantil)	68-73
RECOMENDACIÓNS DE LECTURA	74-75

Ramón Piñeiro López, escritor, editor, político e intelectual que significou o elo condutor da cultura galega e o galeguismo entre a xeración Nós e as xeracións da posguerra do século pasado.

Trala disolución do Partido Galeguista, asumiu o traballo cultural como eixo condutor do galeguismo, fundando a editorial Galaxia nos anos 50, en torno á que se mantivo a actividade cultural en galego, e intentou espallar o galeguismo entre tódalas ideoloxías políticas que foron agromando na segunda metade do século. A RAG adicoulle este ano 2009...¿Sabedes por qué?

EDITORIAL ▶ Mestras e mestres do Centro. EQUIPO DE REDACCIÓN ▶ Alumn@s do Centro. COORDINADORAS ▶ Mestras e mestres do Centro.	SECCIÓNS <ul style="list-style-type: none">• CONTOS• DEBUXOS• COMICS• EXPERIENCIAS• ENTREVISTAS• NATUREZA• COPLAS• SAÍDAS DIDÁCTICAS• LIBROS
EDITA C.E.I.P. "PÁRROCO DON CAMILO" –VIGO CO PATROCINIO DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA NUMERO 50 XUÑO DO 2009	

DESPEDIDA DE 6º

UN ANO MÁIS TEMOS QUE DICIRLLE ABUR E ATA SEMPRE ÓS NENOS DE SEXTO.

FOI UNHA LONGA TRAVESÍA A QUE FIXERON NO PÁRROCO. (COMO TODOS LLE CHAMAMOS FAMILIARMENTE). ALGÚNS CHEGARON HAI POUCO Ó COLE, PERO OUTROS LEVAN CONNOSCO DENDE BEN PEQUECHIÑOS E FORMAN PARTE DENDE ENTÓN DA NOSA GRAN FAMILIA: UNHA FAMILIA “GRANDE” AINDA QUE O NOSO COLE SEXA PEQUENIÑO.

SABEMOS QUE COMO BÓS ASTRONAUTAS IDES EXPLORAR AGORA OUTROS MUNDOS NOS QUE AS VECES SENTIRÉDES VOS PERDIDOS, PERO NOS QUE IDES APRENDER E DESCUBRIR MOITAS COUSAS INTERESANTES.

NON TEÑADES MEDO. A GALAXIA É ENORME, PERO LEVADES OS NOSOS ÁNIMOS NUN RECUNCHIÑO DA VOSA EQUIPAXE.



2009:ANO INTERNACIONAL DA ASTRONOMÍA

No cole estivemos a celebrar este ano internacional tomando os astros e a astronomía como punto de comenzo de varias actividades.

O MURAL DA ENTRADA quixo ser un recordatorio permanente de que este é o ano das estrelas. Ali coñecemos as primeiras informacións sobre o proxecto da medida do radio da terra, o calendario de eventos astronómicos, as astrónomas das que nunca se fala e os planetas e outros corpos celestes.

Tamén os maiores do cole tiñan o seu propio mural astronómico con información histórica da astronomía e diferentes novas que ían xurdindo no segundo andar.

O ENTROIDO xirou arredor deste tema e polo patio desfilaron ...

Piratas do espacio coa súa nave, estrelas, viaxeiros espaciais, científicos e becarios participantes no congreso de astronomía celebrado na nosa escola e astronautas feitos e dereitos, algúns deles de moita sona. Viñan cun vello trasto espacial que, o mesmiño ca estación internacional, xa non daba para máis.

Houbo que queimalo.

O CONCURSO MENSUAL de astronomía ven propóndonos cada mes (e seguiremos no vindeiro curso) unha adiviña espacial, que os valentes de 5º curso atreveronse unha e outra vez a resolver, e moitas veces estiveron a piques de conseguilo.

OS TRABALLOS DE AULA xiraron durante moito tempo arredor dos planetas e os feitos espaciais, as viaxes ao espacio, o sol e as sombras.

E a preparación e realización do PROXECTO DA MEDIDA DO RAIIO DA TERRA no que participamos conxuntamente con 900 centros de toda España consumiu tamén moitas das nosas enerxías.

Como vedes foi un tempo escolar moi especial, digo ESPACIAL.



O PROXECTO DAS SOMBRAS

E A MEDIDA DO SOL

DENDE QUE O COLE SE APUNTOU A FACE-LA EXPERIENCIA DA MEDIDA DA TERRA NÓS -OS DE INFANTIL- QUIXEMOS PARTICIPAR ACTIVAMENTE.

XA NOS GUSTARA MOITO O PERCORRIDO VIRTUAL QUE FIXEMOS POLO ESPACIO TRATANDO DE APRENDER QUE O PLANETA TERRA É UNHA BOLA PENDURADA NO ESPACIO; E OS NOMES E CORES DAS OUTRAS BOLAS QUE NOS ACOMPAÑAN NA NOSA VIAXE ARREDOR DO SOL. BUENO NESTE PUNTO A PROFE ESTÁ TRABUCADA. ELA DÍ QUE A TERRA SE MOVE, PERO EN RELIDADE NÓS A QUEN VEMOS MOVERSE É O SOL. AINDA NON O ENTENDEMOS MOI BEN.

PARA TRATAR DE ENTENDER ESE ROLLO DA MEDIDA DO RAI0 DA TERRA AS PROFES TIVÉRONOS PASEANDO POLO PATIO MOITOS DÍAS, ATA QUE DESCUBRIMOS QUE O NOSO CORPO E OS OBXECTOS TIÑAN SOMBRA; QUE A TIÑAN NALGÚNS SITIOS DO PATIO E NOUTROS NON, E QUE ESAS SOMBRAS MOVÍANSE.

PENSAMOS MOITO EN PORQUÉ SERÍA ISO E FIXEMOS AS NOSAS HIPÓTESES:

- A SOMBRA É NEGRA
- ÁS VECES É PEQUENA E OUTRAS MOI GRANDE
- ONDE A PEDRA É DE COR GRIS NON HAI SOMBRA
- NA HERBA E NO CAMPO DE FUTBITO HAINA, PERO CAMBIA DE POSICIÓN SEGUNDO INTRE DA MAÑÁ
- AS SOMBRAS VAN DIANTE NOSA E CANDO DAMOS A VOLTA DESAPARECEN. NON CHEGAMOS A AVERIGUAR POR QUÉ
- DENTRO DA CLASE A NOSA SOMBRA É GRIS

FIXEMOS MOITO TRABALLO:

- ❖ DEBUXAMOS A NOSA SOMBRA NO CHAN NUN PAPEL.
- ❖ XOGAMOS A PERSEGUIR A SOMBRA DOUTRO NENO.
- ❖ OBSERVAMOS SOMBRAS DE DISTINTAS FORMAS, PERO NON PUIDEMOS FACER SOMBRAS DE CORES.
- ❖ FIXEMOS UNHA SOMBRA CASI TAN LONGA COMO O CAMPO DE FUTBITO CON TÓDALAS NOSAS SOMBRAS.
- ❖ E MOITAS OUTRAS COUSAS. AH; E POR SUPOSTO OBSERVAMO-LA SOMBRA DUN PAU E AXUDAMOS A MEDI-LO RAI0 DA TERRA.

TAMEN VIMOS QUE O SOL XOGA CON NÓS E VAI MUDANDO A SÚA POSICION NO CEO CADA VEZ MÁIS CARA A DEREITA E CADA VEZ MÁIS ALTO. FIXEMOS VARIOS DEBUXOS DO CAMIÑO QUE ÍA FACENDO CADA DÍA A MESMA HORA







AS NOSSAS SOMBRAS.

Saimos ao patio para ver as
nossas sombras. Estivemos pre-
parandonos para medir o ^{raio}
radio da terra.





Os alunos de 1º



A MEDIDA DO RAIO DA TERRA

A ACTIVIDADE CENTRAL NA NOSA PARTICULAR CELEBRACIÓN DO ANO INTERNACIONAL DA ASTRONOMIA FOI A MEDIDA DO RAIO DA TERRA, ACTIVIDADE QUE POUCO A POUCO FOI FACÉNDOSE UN OCO NA NOSA RUTINA DIARIA.

O 26 DE MARZO ERA O DÍA SINALADO -DICÍA O CARTEL QUE AS PROFES PUXERAN NA ENTRADA DO COLE-,... PERO ISO DA MEDIDA DA TERRA ERAN UNHAS PALABRAS MOI DIFÍCILES DE ENTENDER.

TÓDOLOS RAPACES DO COLE, DENDE OS NENOS DE 3 ANOS ATA OS DE 6º PARTICIPARON, CADAQUEN COA SÚA CAPACIDADE, NA MEDIDA, CONXUNTAMENTE CON OUTROS 900 CENTROS INSCRITOS DE TODA ESPAÑA E ALGÚNS PAÍSES DO ESTRANXEIRO.

A COUSA CONSISTÍA EN REPETI-LO EXPERIMENTO QUE HAI MILES DE ANOS FIXERA ERATÓSTENES.

ESTE HOME GREGO FOI QUEN DE CALCULA-LO RAIO DA CIRCUNFERENCIA DA TERRA CUN PEQUENO CÁLCULO FEITO COAS ESCASAS FERRAMENTAS DO MOMENTO: A MEDIDA DA SOMBRA QUE PROXECTABA O SOL NUN MESMO MOMENTO, PERO EN DOUS CIDADES DISTINTAS E A DISTANCIA QUE HABÍA ENTRE ELAS.

O MESMO FIXEMOS NÓS:

- DESPOIS DE TER DEBUXADO A TRAXECTORIA DA SOMBRA DO PAU DUN RECOLLEDOR DURANTE DÚAS HORAS, CALCULAMO-LA MEDIDA DA SOMBRA QUE PROXECTABA ESTE PAU NO MOMENTO NO QUE O SOL ESTABA MÁIS ALTO NO CEO.
- CALCULAMO-LA ALTURA DO PAU DO RECOLLEDOR (GNOMON)
- CALCULAMO-LA NOSA DISTANCIA Ó PUNTO DE CONTROL SITUADO EN MADRID.(NO PARALELO 40ºN



- MANDAMOS ÓS COORDINADORES DA ACTIVIDADE OS NOSOS DATOS: A NOSA DISTANCIA Ó PARALELO 40°N, A DEVANDITA MEDIDA DA SOMBRA E A ALTURA DO PAU. CON ISTO ELES FORON QUEN DE CALCULAR O ÁNGULO QUE FORMABA O SOL CO NOSO PATIO.

COS NOSOS DATOS E OS DOS OUTROS 626 PARTICIPANTES VALIDADOS (ÓS DEMÁIS CHOVEULLES, TIVERON PROBLEMAS OU FIXERON MAL O EXPERIMENTO) PERE CLOSAS, ASTRÓNOMO ORGANIZADOR DA EXPERIENCIA, CALCULOU O RAIÓ DA CIRCUNFERENCIA DA TERRA.....

...IE SÓ TIVEMOS UN ERRO DUN 3 POR CENTO!

FIXO UN DIA ESTUPENDO

OS DE INFANTIL, ENTUSIASTAS CIENTÍFICOS, PASAMOS DENDE AS DEZ DA MAÑÁ ATA CÁSEQUE AS DÚAS DA TARDE NO PATIO DEBUXANDO CADA DEZ MINUTOS A SOMBRA QUE ÍA PROXECTANDO UN PAU, NO CHAN E NA PAREDE, E CONTINUANDO A OBSERVACIÓN DO SOL QUE VIÑERAMOS REALIZANDO DENDE MOITOS DÍAS ANTES.

OS DE 5° E 6° PASARON DÚAS HORAS, DENDE AS 12 ATA AS 2, NO PATIO; XA QUE FORON ELES OS QUE FIXERON A "MEDIDA OFICIAL".

1°, 2°, 3° E 4° TIÑAN TAMEN O SEU PROPIO PAPEL PARA MEDIR E O SEU PROPIO PAU POLO QUE FORON PASANDO POUCO A POUCO. TÓDOLOS NENOS E NENAS DESES CURSOS PUIDERON DEIXAR A SÚA "PEGADA" NO PAPEL.

PARA TODOS FOI UNHA EXPERIENCIA NOVA E A OPORTUNIDADE DE SER PARTE DUN EXPERIMENTO NO QUE PARTICIPARON O MESMO DIA E A MESMA HORA RAPACES DE 3 CONTINENTES, ADEMAIS DE VIVIR EN VIVO E EN DIRECTO CÓMO SE FAI CIENCIA.



SEICA É ALGO QUE O ANO QUE VEN PODEMOS REPETIR, XA QUE TÓDOLOS PROFESORES PARTICIPANTES DE TÓDOLOS CENTROS, QUE AGORA ESCRIBEN E ESTÁN EN CONTACTO NUN FORO CREADO PARA OCASIÓN, EXPRESARON NADA MÁIS REMATAR A EXPERIENCIA QUE LLES GUSTARÍA REPETILA EN ANOS SUCEIVOS, POLO VALOR PEDAGÓXICO E DE DISFRUTE DA APRENDIZAXE QUE VIRON PARA OS SEUS ALUMNOS.

MOITOS DELES SOBERON CONVERTE-LA XORNADA NUNHA VERDADEIRA FESTA DA CIENCIA

¡OGALLÁ SEXA ASI!

NA PÁXINA WEB astronomia2009.es ESTÁ O RELATO DA EXPERIENCIA, AS FOTOS QUE MANDAMOS ÓS ORGANIZADORES E A TÁBOA DE DATOS. OS NÓSOS DATOS FIGURAN CANDA OS DOS OUTROS 626 CENTROS VALIDADOS. (DITO DOUTRO XEITO 626 CENTROS QUE O FIXEMOS BEN).

NA NOSA PÁXINA WEB ESTÁ TAMÉN A GALERÍA DE IMAXES CUNHA SELECCIÓN DE FOTOS DA XORNADA.

O RESULTADO PARA SACARSE O SOMBREIRO 6561 KMS, UN PEQUENO ERRO DO 3% SOBRE A MEDIDA ORIXINAL (A MEDIDA REAL É DE 6366´2 KMS)



Coplas do Entroido

Eu son Guillermo

é tócame representar
a Yuri Gagarin,
que era un pouco pillín.

En Smolensk nacín
e en 1968 morrín,
porque solo 34 anos vivín.

Fun un graduado cosmonauta
pero non me gustou tocar a
fruta.

En Oremburgo,
que está brxe de Luxemburgo,
incorporeime ás Forzas Aéreas,
e como cadete,
aprendín coma un foguete.

No 1961, en abril,
fun nun cohete ao espazo
e non me deron cun mazo
por ser o primeiro humano
que viron por aquel vano.

Pero co meu avión entrenando,
no que non viaxaba Fernando
estrelleime e caín ao solo
e de min non quedou nin o
miolo.

Os meus amigos
choráronme moito
e a miña viúva
" "



ALUMNOS DE 5º E 6º LENDO AS COPLAS

Eu son Ángela

e tócame representar
a Valentina Tereshkova
que non vive nunha cova.

En 1937 nacín
e aínda non morrín.

No pobo de Máslennikovo medrei
e nunha fábrica de neumáticos
traballei.

En 1969 gradueime como inxeniera espacial
E foi un cambio radical.

Fun a primeira muller en viaxar ao espazo
e cheguei a Terra chea de cansancio.

Practiquei o paracaidismo
e non tiña o exorcismo.

Cun cosmonauta ruso casei
e el vivía coma un rei.

E finalmente tiveron a miña filla Elena
E valeu a pena.

Ángela- 5º



Eu son Miguel

e tócame representar
a John Glenn
que non lle gusta viaxar en tren.
Nacín en 1921
e cheguei ata o século 21.
Fun astronauta, piloto, militar e político
e gústame tomar alimentos cítricos.
Servín como senador por Ohío
onde non podía dicir nin pío.
En 1959 fun asignado á NASA
e por fín comín unha uva pasa.

Despois do asasinato de Kennedy dimitín da
pero non me quitaron a casa.
En 1998 fixen o segundo voo espacial
no que viaxaba Marcial.
E cando tiña 77 anos
marchei no Discovery
nun paseo espacial
en vez de ime a Baiona Real.
Agora fanme moitas festas de honor
aínda que non veña a Infanta Leonor.

Migud-5º




NEN@S DE 5º E 6º PREPARADOS PARA O DESFILE



QU'EM A DO FOGUETE



ASTRONAUTAS



Imos de astronautas
e tamén de cosmonautas
con espírito de aventura
realizamos unha misión moi dura

Somos unha tripulación
de fácil solución
actuamos con discreción
na nosa misión
e sen discriminación

Sáímos da atmosfera
Camiñamos polo espazo
Buscando novos lazos
Na procura doutros datos.

CRISE

Don diñeiro, don diñeiro
Ten confianza e non te vaias
Flúe lixeiro, lixeiro
Sen medo a que te caias.

Crise, crise
Fasnos perder a ilusión
E nos vámoste combatir
Para evitar a insatisfacción.

A educación
É unha solución,
E unha protección
Ante a recesión.



COPLAS DO ENTROIDO ANXO 2009



PEDRO DUQUE


Tocóume falar de Pedro Duque
Que non vai nun buque
Se non, nunha tripulación
Con xente a mogollón.

Nacín en Madrid
No barrio de chamberí
E estudei na universidade
Pero non collín ningunha enfermidade.

Traballei coa Axencia Espacial Europea
Que non esta na Etea.
Os de Rusia estudáronme
E os de EEUU examináronme.

Fun ao espacio no Discovery
e por elo, recibin unha cruz
que non é unha avestruz.

No 1999 díronme o Premio Principe de Asturias
Para que non pasara penurias.





COPLAS DO ENTROIDO

O TURISMO ESPACIAL

No Carnaval
Todos imos bailar
Xa que é un gran festival
Que está despois do
nadal.

Os de quinto e sexto
Disfrazámonos de
astronautas
Pero non precisamos
frautas.

Os de terceiro e cuarto
Disfrázanse de científicos
locos
Tal vez porque comen
mocos.

Os de segundo e primeiro
Como van de viaxeiros no
tempo
Séntanse moi cómodos
nun asento.

Os de catro e cinco anos
Como van de estrelas
Dámoslle unhas pelas.

Os de tres anos
Como van de piratas
espaciasis
Regalámoslles
uns paneis paranormais.

Neste carnaval
Imos de turismo espacial,
pasarémolo fenomenal
xa que é unha aventura
de gran envergadura.

Os turistas espaciais
realizan ensaios
antes de iniciar
os seus voos diarios.

Polo espazo viaxamos
Xa que fomos entrenados
para levar ilusión
nas mochilas de propulsión
a toda a tripulación.

Nunha nave subiremos
viaxaremos
e que ben o psaremos,
familia e amigos
todos xuntos ali estaremos.

Nun cohete espacial
vai Aznar
a falar ou xogar
para non se marear.

A aventura da nosa xeración
e viaxar con moderación
facendo unha boa investigación
e experimentando unha gran
sensación.



COPLAS DO ENTROIDO RAQUEL

MIGUEL LÓPEZ ALEGRÍA



A min tócame falar
de Miguel López Alegría
pero non son a súa tía.

En Madrid eu nacín
meu pai era extremeño
de miña nai non se fala
e meu pai non se cala.


Crieime en California
con iogur de macedonia.

Estíven na Marina dos Estados Unidos
e non nos puxemos espidos.
Graduéime en enxeñería
e aínda non crucei a ría.

Na miña primeira misión especial
fun nun foguete da NASA
e quedeime sen casa.

Cando volvín do espazo
puxen unha oficiña
que tiña cociña
para dirixir as operacións
das tripulacións.

No ano 2006 fun de expedición
dende Kazajastán
sen ser superman
aterrando o 21 de abril
no mes das augas mil.



COPLAS DO ENTROIDO 2009

Eugene Andrew Cernan




O meu personaxe é
Eugene Andrew Cernan
que non nancín en Nigrán
se non en Chicago no verán.

Como astronauta da Nasa
non durmía na miña casa,
e fun co Gemini 9A
pola mañá
co apolo 10
e co apolo17
vin a serie Ana e os sete
correndo nun periquete.

Traballei na Armada
que aínda que non é nada
comía sempre ensalada.

No 1.976 retireime da Nasa e da Armada
que non tiña nada de nada.

Fun un dos tres homes que fomos a lúa
que é moi distinto a camiñar pola rúa.



COPLAS ENTROIDO 2009



Michael Collins.

Estudei nunha academia militar
Sen a xente raptar.

E fun piloto
pero non de moto.


Nun voo de máis de 4.200 horas o que máis
me preocupaba eran as persoas.

Fun seleccionado astronauta da NASA
pero seguía tendo a miña casa.

Na misión "Gemini 10"
case gaño unha vez.

No espazo saín da nave
pero non vin ningunha ave.

Tamén fun piloto do "Apolo 11"
e conseguin unha medalla de bronce.



COPLAS ENTROIDO 2009

O meu personaxe é Neil Amstrong.




Nacín en 1930 en Wapakoneta
pero non nunha furgoneta.

Fun astronauta da NASA
e esto non é de wasa.
No apolo 11 pisei a lúa
que non é túa nin ten púas.

Estudei máster en ciencias
da inxeniería aeroespacial
E paseino moi mal.

Cando recibín a beca
Da Mariña dos Estados Unidos
fun ver tres partidos.



DEPORTES

Rafa Nadal
Xoga un deporte moi especial
Tanto no Nadal
Como no Carnaval.




Alonso e moi valioso
Porque corre
Como un corse
Dentro dun coloso.



España por fin
Gañou a Eurocopa
Non foi ningunha bicoca
E déronlle o que lle toca.



CONTAMINACIÓN



O CO2 é unha emisión que produce tensión, e dá preocupación a toda a poboación; idebemos buscar solución!



POLÍTICOS

Obama, Obama
sé sensato
e colabora
sen demora
previndo o cambio climático.

Nas eleccións
imos votar
para as nosas condicións
mellorar;
uns din que van vencer,
outros que a crise van deter,
e nós esperamos con emoción
toda esta bendición
cunha gran canción.

Coas boas intencións
e as nosas opinións
estaremos en condicións
para mellorar as situacións.



Nos discursos dos candidatos
hai promesas electorais
que son propostas interesantes
se non son farsante.

O xuíz Garzón
é moi bó
no seu traballo
por iso hai que darlle
un agasallo.

Zapateiro e un varrendeiro,
Rajoy un bocoi,
Anxo Quintana xunto con Obama
fan a cama,
e na Casa Branca
xogan a petanca.





TESTAMENTO DA NAVE ESPACIAL

PROFES

Aquí chega o gran momento,
A nave espacial vai facer testamento.



A Xurxo
como é o profe de informática
traémoslle unha tele estática
e unha parrula fantástica.

Para Manuel
o profe de relixión
traémoslle un camión
para que nos aprobe a última avaliación.

Para Elena
por ser tan boa nena
deixámoslle unha magalena
sen sal
que tampouco está tan mal.

Para Rosa por cantar
Deixámoslle un barco
para navegar
e unha partitura para tocar
e practicar.

Para Belén
por ser a profe de inglés e de terceiro
deixámosle que vaia ao porto pesqueiro
nun gran veleiro.

Para Carmela
traémoslle unha fermosa pabela
e unha gamela
para que viaxe nela.

Para Pili
a profe de ximnasia
traémoslle unha bici
para que coñeza Asia.

Para Palmira
por levarnos a Manzaneda
traémoslle unha torta de canela
para que coma nela.

Para Beatriz
traémoslle unha codorniz
sen cicatriz
pero, con verniz.

Para Sofía
Que non ´é a nosa tía
Traémoslle unha sandía
Para que lle alegre o día.

Para Rosa
a orientadora
como é boa animadora
traémoslle unha lora
que cante a hora

Para Malena
por ter tan gran melena
traémoslle un xampu de berenxena
para que non teña pena.

Para Pilar
traémoslle unha corda de saltar´
unhas bailarinas para bailar
e un micrófono para cantar.



CONTOS DE RATOS

OS NENOS DE SEGUNDO FIXEMOS ESTAS BANDAS DESEÑADAS CON TRES DAS HISTORIAS QUE MAIS NOS GUSTARON DESTE LIBRO DE RATOS.

- O RATO VELLO
- NUBES
- POZO DOS DESEXOS

O RATO VELLO



Había un rato vello
que non lle gustaban os
peños.



Fran

Un día cando daba a seu paseo,
romperoslle os tirantes e caeráolle
os pantalóns.





Pidín axuda a outras señoras.
As señoras herraron e marcharon correndo.



O rato vello foise para casa. A súa muller non lle axudou e doulle un troquete na cabeza.



© vello rompeu a chorar. Uns ninos que pasaban polí alí! Ellos disseron se iban a axudar.



Aqueles pantalóns nunca mais caerán. E o rato vello sempre foi amable cos nenos.



NUNUBLES



Un ratina foi pasear
coa súa nai.
Suleiran a cima dun
mante.



Joel

O rato e a súa nai viron
moitas figuras...
Viron un castelo...



Joel

... Un castelo ...



Fátima

... Un rato





A nai do ratiño foi a coller unhas flores.



O ratiño viu no ceo unha gran nube que se fizo máis e máis grande.



A nube converteuse nun gato. O gato achegábase máis ao ratiño. Botouse a correr cara súa nai.



A nai mirou para o ceo e díxolle que non se asustara. E o gato volveuse nube.



O POZO DOS DESEXOS

Óscar



Un día, a rapatiña atopou un pozo dos desexos.
Botou unha moeda no pozo e pediu un desexo.
O pozo beirrou.



Iñaki

Ao día seguinte volvese a tirar unha moeda e o pozo beirrou de novo.



Así, os meus desexos nunca se van cumprir e choraminei.



Iria

A rapatiña correu ata a casa e colleu unha almogada da súa cama.






Nuria

A ratiña tirou a almofada dentro do poro e despois botou unha moeda dentro e formulou un desexo.



Luis

Despois daquel día a ratiña pediu moitos desexos. E todos se cumpriron!



VERMES VERMIÑOS...

Os nenos de segundo teñen un vermes de seda e estudáronos

① Comen as follas que todas os días lle subimos da moreira.



② Van roltando a seda e con ela fan os ovos e quedan dentro.



③ E por último saen dos ovos convertidos en bolboretas.



E poñem ovos




E así é o proceso do verme da seda.

Luig



P D: Os nenos de 1º e 2º de infantil tamén teñen vermes.



GABRI

Estes son algúns dos debuxos da mariposa poñendo ovos que fixeron os nenos de tres anos




NOE

NOE



IREIA

IR



CARLA



Visita Real C.F. Celta

O pasado luns 11 de Maio, Ismael Falcón, o porteiro do Celta veu ao noso colexio, acompañado dalgunhas persoas da Fundación do Celta, entre as que figuraban Vladimir Gudelj, ex-xogador do Celta. Este meteu 94 goles nunha tempada, aínda que agora traballa en relacións públicas no clube. Os invitados faláronnos dos Campus de Verán. Despois fixemos uns exercicios de circuíto que se fan nos campus. Os alumnos de 5º e de 6º tamén fixémoslle unha entrevista a Falcón



ISMAEL FALCON COS ALUMN@S DE 5º E 6º

De onde es? De Cádiz (Andalucía).

En que equipo empezaches? No equipo do barrio e despois no de Cádiz.

Colaboras na Fundación do Celta? Si, claro estou comezando a colaborar.

Aparte de xogar ao fútbol, a que outra profesión te dedicarías? Eu quero ser un bo profesional, agora estou estudando, pero gustaríame ser adestrador. Agora están moi mal as cousas por iso tedes que estudar moito.

Que labor desempeñas no Celta? Agora mesmo, ser porteiro.

Cantos xogadores hai actualmente? Hai 23 xogadores e 3 porteiros chamados Notario, Falcón e Joel.

Que fas nos adestramentos? Adestro co equipo e co meu entrenador Villanueva e prepararme para os próximos partidos.

Cantas horas e días entrenades á semana? Todos os días entrenamos dúas horas e descansamos un día á semana.



Xogaches en primeira división? Si, co Atlético de Madrid.

Desde cando estas no Celta? Este é o primeiro ano que estou no Celta.

En que outros equipos xogaches? Xoguei no Cádiz e no Atlético de Madrid.

De que posicións xogaches? Aparte de porteiro, de dianteiro e metía moitos goles.

Es titular ou suplente? Son titular.

Cres que o Celta podería subir a primeira división? Si, por suposto.

En que posto estades en segunda división? Por abaixo, pero esperamos subir.

Fuches entrenador algunha vez? Non, pero estoume preparando para iso.

Que equipo foi o máis duro de gañar? Todos son moi duros.

A que persoas admiras? Ao meu pai que é un exemplo para min.

Que aficións tes? Gústame ir ao cine, ler, xogar ao fútbol, ver a televisión, estudar, estar coa familia...

Xogaches contra o Barça ou contra o Real Madrid? Si, contra o Madrid, cando estaba no Atlético de Madrid e gañamos.

Cando deixes de ser xogador, gustaríache seguir na Fundación do Celta? Si. Gustaríame colaborar cos nenos e entrenar a rapaces novos.

Neste momento, cal cres que é o mellor equipo de fútbol? O Barça.



ORGANIZACIÓN DO CIRCUITO DE XOGOS



Don Moucho

A
1
u
m
n
@
s
d
e
5
e
6
e

A REAL ACADEMIA GALEGA INFORMA:

Ramón Piñeiro naceu en Armea de Abaixo, Lama, Láncara Lugo o 31 de maio de 1915 e finou en Santiago de Compostela, o 27 de agosto de 1990. Foi un filósofo, ensaísta e político galego, un dos principais artífices da reconstrución cultural galega na posguerra.

A RAG destaca para a súa elección a adicación "total e desinteresada" da súa vida á defensa de Galicia e a súa cultura, polo que debe ser "unha referencia moral indiscutible e necesaria para as novas xeneracións".

O seu traballo de ensaio e de tradución foi moi importante "para a normalización do galego como lingua para amosarlle ó mundo que era unha lingua con total capacidade para expresarse en tódolos campos do saber.

4 razóns para esta distinción

Animador da conciencia de País

O seu labor como escritor de ensaios estivo reflexado parcialmente nos libros *Olladas no futuro*, *Galicia, A linguaxe e as linguas* o *Lembrando a Castela*.
Todos eles reflexan os eixos fundamentais do seu pensamento e destacan a necesidade da reafirmación cultural de Galicia como "camiño fundamental para a súa realización como pobo".

Normalizador

Tivo moita influencia nas xeneracións de galeguistas, conquistou, segunda Real Academia, que o galego superase a calificación de lingua rural ou poética na que a tiñan encadrada moitos intelectuais españois da posguerra.

Editor de moitos froitos

Como director literario da editorial Galaxia, contribuíu á publicación de numerosos libros en galego e encheu un valeiro "como ningunha outra institución", nos anos anteriores á transición democrática

Animador cultural galeguista

A colección *Grial* e a *Revista Galega de Cultura*, que recolleu a maior parte dos traballos de ensaio galego da posguerra



AS LEMBRANZAS DO NENO RAMON PIÑEIRO

Ramón Piñeiro López. foi o terceiro fillo de Vicenta López Fernández e Salvador Piñeiro García, empregado municipal de Láncara.

Súa nai era da Pedreira e seu pai de Armea de Abaixo. Foi neste lugar, na casa de Baixo, situada á beira do camiño real, no que el viu a luz un 31 de maio de 1915.

PRIMEIRA LEMBRANZA

Os seus primeiros recordos evocan un recullo pechado por dous bancos no que súa nai o deixaba, mentres facía os labores, para que non caese na lareira. Tamén lembra cando súa nai lavaba na pía mentres el sentía o sol que se coaba entre as mazairas da horta da casa familiar... Era un rapaz reflexivo que aproveitaba os momentos de soidade, coma cando andaba tornando as vacas na Namela, para as súas "conversas interiores".

Con seis anos acode á escola e bate co castelán empregado polo seu mestre. Lembrábo así nas súas memorias:

“Deica entón -deica os 6 anos- a miña lingua única fora o galego, así que o choque máis importante que me produciu a escola foi o cambio de lingua. O escolante, que era de Lugo, falaba en castelán dentro e fóra da escola e falábo con todo o mundo, mesmo que fosen nenos ou vellos, homes ou mulleres, labregos ou cregos. Non facía a menor concesión. Falaba en castelán coa intransixente firmeza de quen cumpre un alto e sagrado deber. [...] establecer a nosa 'inferioridade colectiva'. E non só a nosa inferioridade en canto escolares senón a inferioridade nosa en canto galego falantes”.

(Ramón Piñeiro: Da miña acordanza)

SEGUNDA LEMBRANZA

Tanto lle oíra falar Ramón a seu pai do tren que o misterio do funcionamento deste medio de comunicación foi “o primeiro problema intelectual” que o preocupou. A súa primeira viaxe foi para ir ao san Froilán a Lugo, e deixou unha forte impresión naquel neno de sete anos.

“Polo serán fomos á estación de ferrocarril para tomar o tren a Lugo. Lembro que estabamos agardando na plataforma, que detrás de nós había un montón de carbón e que o meu pai falaba cun coñecido del. Eu agardaba cunha curiosidade tensa por ver o tren.

Cando apareceu a máquina, tan grande, tan negra, bufando e correndo cara a nós, collín pánico e botei a correr sobre o montón de carbón. O meu pai colleume e tranquilizoume, explicándome que o tren non podía saír dos carrís. Subimos ao vagón cheo de xente, e eu ía un pouco intranquilo polo escachapelear das rodas e porque tiña a sensación, unha miga mareante, de que as árbores, as pontes e as casas corrían velozmente en dirección contraria á nosa.

Todo aquilo era estraño e producíame unha impresión forte que ficou



gravada na memoria.
 Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia. (Adaptación)

TERCEIRA LEMBRANZA

O mesmo lle pasou cando descubriu a luz eléctrica

“No comedor había unha luz colgada do teito que non era un candil nin unha vela, as dúas luces que eu coñecía. Como eu a ollaba con asombro, explicáronme que era luz eléctrica, que non se acendía con lume e non se apagaba soprando. Foi para min unha gran sorpresa, e permitíronme comprobar esas características acendendo e apagando eu mesmo coa chave que estaba a carón da porta”.

Ramón Piñeiro, *Da miña acordanza. Memorias*, Galaxia/Fundación Caixa Galicia.

Polo demais, a infancia de Ramón Piñeiro non se diferenciou moito da de calquera outro neno de aldea naqueles tempos. O tempo marcábano os traballos do campo e as novidades viñan dadas polas feiras e as festas -as máis importantes, a do san Vitorio na súa parroquia e a do Carme na veciña de San Pedro-.

O que xa non era habitual entre os rapaces da súa idade era ir estudar a Lugo, circunstancia que revela o interese dos seus pais pola educación do fillo.

Foi en 1924 cando marchou á capital para cursar o bacharelato elemental acompañado da súa irmá maior e da súa nai mentres seu pai queda na Armea. Alí estuda os tres anos cos que obtén o título de bacharel, que era o obxectivo da súa familia.

Así e todo, aínda ficou un ano máis en Lugo. Nestes catro anos descubriu tamén o pracer da lectura. Comezou por revistas infantís e novelas para rapaces e acabou mercando clásicos coma Dante ou Petrarca. Acórdase, así mesmo, dunha antoloxía poética na que puido ler por primeira vez a Rosalía.

En 1928, con trece anos cumpridos, volve para Armea.



A NOSA HOMENAXE A RAMÓN PIÑEIRO: “INFORME SOBRE A LITERATURA GALEGA DO ANO 2008”

Como parte da herdanza do labor feito por Ramon Piñeiro xurdiu o “Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades” que segue hoxe co traballo normalizador que principiou o noso autor. Este centro desenvolve durante todo o ano unha intensa actividade a prol da lingua galega.

Dentro das iniciativas que todos os anos se levan adiante está o Informe Anual sobre a Literatura Galega. Aínda están hoxe elaborando o que corresponde o ano

2008 xa que a produción literaria galega en galego é cada vez mais abundosa



Nós os nenos desta escola e as nosas e os nosos profes quixemos render homenaxe a Ramón Piñeiro facendo o mesmo ca os seus herdeiros: o noso propio informe da literatura galega no 2008 . No libro que resultou e que aínda segue no centro -exposto para que o vexades- reflectimos aqueles libros de literatura infantil publicados en galego que por unha ou outras razóns chamaron a nosa atención. Tivo que ser unha selección necesariamente curta por problemas de espacio

Nela cada curso preséntavos ún dos moitos libros os que vos podeades achegar este verán e que pode servirvos de ponte cara outros moitos

NAUTILUS DINAMIZA

A Sociedade Recreativa Cultural Nautilus veu de clausurar no remate do mes de maio unha exposición relacionada coas letras galegas e que deu publicidade o traballo feito no noso cole de homenaxe a Ramón Piñeiro.

A exposición formou parte dun proxecto máis amplo que levaba por título LETRAS GALEGAS 2009 DENDE OS OLLOS DUN NENO.....



Co mesmo dase continuidade o labor dinamizador da comunidade que dende hai tempo se ven facendo dende esta Sociedade cultural. Foron varios os actos programados, entre eles a actuación dunha coral, ao longo do días que estivo aberta a exposición.



Participaron moitos nenos. As nosas compañeiras Ana Rosa e Silvia recibiron un agasallo pola súa participación e o mural que fixeron entre as dúas



Na clausura da exposición a paiaisa Tomasa foi a encargada de entreter a tódolos nenos participantes, que como vedes nas fotos estábano pasando moi ben



A avioneta de Luis

O noso compañeiro Luis malestouse en facer unha avioneta e lanzala pola ventá de música. Ademais ficámonos diante da ventana de música para ver como voaba un pouco atrás para que non nos estorufara na cabeza. Todos lle axudamos a Luis para que fora mellor e voara máis. Foi a mellor avioneta do mundo! Costamos moita, costamos moita construíla, varias veces pero gustámonos tanto que aínda queremos tirala e construíla moitas, moitas máis veces.

Soet

Luis



**COUSAS
QUE
FACEMOS**


Na clase de segundo o noso compañeiro ácar facer unha maragota. A parítmola de un molae para verlle as espiñas. Tíña unhas espiñas moi finíñas e tamén moi pequenas.

Ácar



Os nenos de segundo teñen unhas plantas aromáticas e medicinais fora da clase no pasillo e nunca as regar e hai moitos tipos de plantas con letraira. Inaki



Ángel 
 Os nenos de segundo neste curso traballamos o tema da reciclaxe. Debemos tirar cada lixo onde corresponda.



OS SONHOS DA TETEIRA

27 de maio de 2009
Chegou Raquel, unha
contacostas. Contounos
o conto de "O día en
que a mamá se lle
puxo cara de teteira".
Debuxamos os sonhos da
teteira: un polbo,
unha raqueta, un
plátano, unha guitarra,
unha ballarina, un micrófono,
unha guitarra, un tiburón,
un gusano...



CANDELA

CANDI DO





Os alumnos de 1º



Retratos de Animais

O xoves 21 de maio dende as 12h 30 ata as 14h os alumnos e alumnas de 4º, 5º e 6º de primaria realizamos con Raquel e os nosos profes unha actividade moi divertida de Animación á lectura.



Empezamos vendo unha presentación audiovisual na que se comparaban os cadros do libro ``O Gran Libro dos Retratos de Animais`` de Svjetlan Jukanovic e tamén os famosos e históricos orixinais nos que se basa para facer os seus magníficos retratos.

Raquel explicounos que fixo o libro porque tras unha visita a un museo , os seus fillos contrariados preguntáronlle por que os retratos son sempre de persoas e nunca de animais.

Como última actividade, deunos a silueta dun retrato histórico que nós tivemos que completar con caras de animais seguindo as directrices de Jukanovic. E escribirlle un breve texto con reseñas características que, por suposto, nós tiñamos que inventar.

Gustóunos moito porque nos sentimos verdadeiros artistas





NOBRE DO CADRO: Leopardo.
AUTOR: SONZANITA LA DEMOUIA
Este felino leopardo esta pensando se
ter a barcela. Século XXVII

Seguridade Vial no Castro



O xoves 23 de Abril os alumnos e alumnas de 6º de primaria tivemos unha actividade de seguridade vial para a cal saímos do colexio ás 9.30 e regresamos ás 12.


Tivemos un Vitrasa para nós sós para ir ata dende San André ata O Castro. Foi un viaxe moi entretido.

Alí no Castro, Tucho e o seu compañeiro, dous policías locais, explicáronnos as actividades que íamos a realizar. Primeiro fixemos un test sobre as sinais de tráfico, das cales nos non coñecíamos o que implicaban aínda que temos visto moitas veces.


Despois puxémonos os cascos e montamos nos karts para facer unha práctica real de conducción. Foi difícil respetar as sinais que alí había porque tiñamos que estar atentos a demasiadas cousas. Ao rematar déronnos os resultados dos test que foron bastante aceptables aínda que se poden mellorar.

A experiencia gustounos moito e non nos importaría repetir




LIO EN LA GRANJA



O día 10 de marzo fomos
ver a obra de teatro
Lio en la granja ao
centro cultural de
Carballobova.



na granja desapareceu
un ovo. Todos os días
que fora a corva que a
roubaba porque era
nova na granja. Ao
final saubemos que nacera
un pito.



Os alumnos de 1º

HANSEL AND GRETEL

With this play we learnt many new words and we worked hard before watching the play to understand it. Then, we completed crosswords, and the missing words. We drew some pictures and, we talked about the play.

today, 27th March 2009 HANSEL AND GRETEL

Characters

Hansel
Gretel
Witch
Father
Rabbit

VOCABULARY

- A glass of water - Un vaso de agua
- Axe - Acha
- Comb - Peine
- I'm hungry - Tengo hambre
- bread - Pan
- woods - Bosque
- wolver - wolf - lobo - loba
- You are frightened - Estas asustado
- get lost - Perdidos
- bread crumbs - Migas de Pan
- Beware: Magic words - Cuidado: Bosque Mágico
- rabbit traps - Trampas de conejos
- monkey toy - Mono de juguete
- it's getting dark - Está oscureciendo
- children - Kids - Niños
- I'm not afraid - No tengo miedo
- broom - Escoba
- lollipops - Chupachups
- Sweets - Caramelos
- Wind - Viento
- It's nice and warm - Está rico y caliente
- eat - Comer
- milk and biscuits - Leche con galletas
- crow - Corvino
- The old lady - La señora mayor
- Are you hungry? - ¿Tienes hambre?
- a nice soup - Sopa rica
- left/right - Izquierda/Derecha
- thin/fat - Delgado/Gordo
- good - Comida
- spell - Conjuro
- candies - Golosinas
- toffees - Tofes
- sugar - Azúcar

Worksheet 2 Crosswords Complete the words following the clues of the pictures

Thursday, 16th April 2009

MONSTER
WOLF
WITCH
WOODS
GHOST

V.G.

Worksheet 3 The 5 differences Find the 5 differences in The Little Chocolate House and complete the missing words

Thursday, 16th April 2009

A2 345

TOFFEES ON THE ROOF
LOLLIPOPS ON THE DOOR

CANDY SSS ON THE WINDOWS
SUGAR ON THE FLOOR

V.G.

Name: Xerla

HANSEL AND GRETEL.



3- LAURA ALONSO LAGO.

Hansel and Gretel | 17-4-09.



Martino

HANSEL AND GRETEL

Hansel and Gretel's father is cutting

The wood but the axe is so old
it can't be cut out.




HANSEL AND GRETEL


Lucia



HANSEL Y GRETTEL




o 10 de Abril fomos ao cinema Saberes a ver a obra de teatro em inglês "Hansel y Gretel"



Hansel e Gretel perderam-se no bosque. Atoparam a unha bruxa que meteu a Hansel nunha gaiola. Pero foi capaz de saír e encerrou a bruxa.










Os alumnos

HANSEL E GRETEL

OS NENOS DE INFANTIL DE 3, 4 E 5 ANOS FOMOS VER TAMÉN O CONTO DE HANSEL E GRETEL EN INGLÉS. FOI UNHA EXPERIENCIA DISTINTA E PASÁMOLO MOI BEN.







5⁰

daily NEWS

Gulab

Miguel

Angel

We went to the theatre to see a play called "Daily News".

It was about a T.V. program. Alfie, Chloe, Jackelin and Rupert worked at television studio presenting Daily News. Alfie the producer, wanted Chloe's relationship back at all costs.

Rupert tries to do something against his work mates.

Jackelin is always in the middle of this mysterious relationship among Alfie, Chloe and Rupert. Chloe is a beautiful news presenter. She is not satisfied with her new job. We liked it a lot.

60

WE DRAW THE SCENES
OF THE PLAY THAT WE LIKED
THE MOST.

Chloe: Why are you pretending to kidnap me?

Rupert: Very simple if a Daily News presenter
doesn't turn up, he is immediately fired.

That works even for you baby.






Chloe: Oh, sir, please, don't
come so close to me, it
looks bad on screen, Oh!!
Well, please, tell us, why
have you honoured us
with this interview...




Alfie is sitting comfortable on
a chair in his office. A buzzing
fly interrupts his dream. The tele
phone rings, he doesn't hear it;
the answering machine co
mes on.







O día 2 de abril fomos a unha excursión que consistía en viaxar en tren. Fomos ^{desde a} estación de tren de Vigo a estación de tren de Pontentavedra. Tamén nos deron un rume e unhas galletas ¡mmm! que ricas estaban! deronnos uns agasallos que eran unha mochila e unha caixiña con caixóns, en cada caixán había un xogo. E tamén había uns rapaces que eran moi divertidos pasaban por riba dos asentos e falaban con nós

Saúl











VIAXAMOS EN TREN

O día 2 de Abril saímos da estación de tren de Vigo para ir a Pontevedra.




Pasamos por moitos túneles e ao lado da ponte de Bande. Perom nos a murcha e pasamos moi ben.

Os alumnos de 1º



VIAXE Ó ZOO DE VIGO

OS NENOS DE 3 4 E 5 FOMOS O ZOO.
TIÑAMOS MOITA ILUSIÓN DE VER A
TÓDOLOS ANIMALIÑOS. CANDO CHEGAMOS
ERA TAN CEDO QUE MOITOS AÍNDA
ESTABAN ADURMIÑADOS. ¡ MÁGOA!
AÍNDA ASÍ PASÁMOLO MOI BEN. ESTES
SON OS NOSOS DEBUXOS.



ADRIAN



• AUTOBUS


'A UTOBUS











ANGELA

• CEBRA
• CEBRA


ANGELA



NOELIA
PATO


GABRIELA

GABRIELA




• LEON
LEON

ADRIAN.



YERAY
YERAY


PAVO REAL



• TIGRE
• TIGRE

D50 YOSA

NEREA




ANGELA
TIGRE


TIGRE

• CEBRA
68 A

NOELIA



• ERIK



• TIGRE

HUGO

HUGO



• TORTUGA

• TORTUGA

VERÁN DE LECTURA

0-5

OS DE ARRIBA E OS DE ABAIXO

Paloma Valdivia

Ed. Kalandraka

Demademora

Idiomas dispoñibles: Castelán, Galego, Catalán, Italiano, Portugués

ROJO, AZUL, AMARILLO. CÓMO APARECIERON LOS COLORES

Edoardo Bardella Rapino

Ed. Juventud

P DE PAPÁ

Isabel Martins

Ed. Kalandraka

Demademora

Idiomas dispoñibles: Castelán, Galego

SOÑOS DE CIRCO

Joxan Ormazabal

Editorial Factoría k de libros

POCOYÓ. PRIMERAS PALABRAS.

LOS ALIMENTOS

Zinkia S.L.

Ed. Timunmas

OLLADAS

Dieter Wiesmuller

Editorial kalandraka

¿DÓNDE ESTÁN LOS ANIMALITOS?

Delphine Chedru

Ed. Kókinos

EMMA Y SUS DOS ABUELAS

Susie Morgenstern

Ed. SM

ONDE ESTÁ?

Chistian Voltz

Editorial Kalandraka

Col. Demademora

Idiomas dispoñibles: Castelán, Galego, Portugués

LA GRANJA AL DEDILLO

Ed. Combel

DINOSAURIO

Penelope Arlon

Ed. Pearson Educación / Alhambra

6-8

O HOME DE AUGA

Ivo Rosati

Ed. Kalandraka

Col. Maremar

Idiomas dispoñibles: Castelán, Galego, Catalán, Portugués

ÓSCAR Y ARABELLA

Neal Layton

Editorial: RBA Serres

O PRÍNCIPE DAS SOMBRAS

Milan Vukotic

Ed. Kalandraka

Col 7 leguas

Idiomas dispoñibles: Castelán, Galego

EL OSO CON LA ESPADA

Davide Cali

Editorial: Barbara Fiore

O LEÓN KANDINGA

Boniface Ofogo

Ed. Kalandraka

Maremar

Idiomas dispoñibles: Castelán, Galego, Catalán, Portugués

IMAGINA UN LUGAR

Sarah L. Thomson

Editorial: Juventud

O PEQUENO TIGRE BRADANTE

Reiner Zimnik

Editorial: Kalandraka

Colección: 7 leguas

Dispoñible Galego, castelán

OSO POLAR, ¿SABES POR QUÉ SE DESHIELA TU MUNDO?

Robert E. Wells

Editorial: Juventud

O TESOURO AGOCHADO

Paul Maar

Ed. Kalandraka

Col 7 leguas

Idiomas dispoñibles: Castelán, Galego

MIGUEL DE UNAMUNO. SELECCIÓN POÉTICA

Miguel de Unamuno
 Editorial: Faktoría K de Libros
 Colección: Trece Lunas

JUDY MOODY CAMBIA DE LOOK

Megan McDonald
 Editorial: Alfabara
 Colección: Alfabara infantil / Serie Judy Moody

RITA Y EL SECRETO DE LA PIEDRA NEGRA

Mikel Valverde
 Editorial: Macmillan
 Colección: El Mundo de Rita

MIL MILLONES DE TUBERÍAS

Diego Arboleda
 Editorial: Anaya
 Colección: Libros singulares

LILI, LETO Y EL DEMONIO DEL MAR

Cornelia Funke
 Editorial: Siruela
 Colección: Las tres edades

ENSALADA DE BRUXAS

Rosa Serrano
 Editorial Galaxia

KE-TUMBA KE-TAMBA

Xerardo Quintiá

ADELAIDA, HENRIQUE E DEMAIS FAMILIA

Xabier P Docampo

OLA, ESTÚPIDO MONSTRO PELUDO!

Fina Casallerrey

AS VACACIÓNS DESAIDA

Eva Peydró

AS ÁS DE XENOVEVA

Uxía Casal

RAÚL

Helena Villar Janeiro

A TOUPIÑA CEGARATA

Ánxela Gracián

HISTORIAS E ALGÚN PERCANCE TODOS DITOS EN ROMANCE

Antón Cortizas

A MARELA TARABELA

Xosé Neira Vilas

EN GALEGO EN CASTELÁN